



# PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TICS



**CEE PONTEVEDRA**  
2022-2026

# ÍNDICE

<b>1</b>	<b>Introdución.</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>Contexto.</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>Equipamentos e recursos</b>	<b>4</b>
<b>4</b>	<b>Compromiso coas tics.</b>	<b>6</b>
<b>5</b>	<b>Obxectivos.</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• En canto o centro.</li><li>• En canto ao profesorado.</li><li>• En canto ao alumnado.</li></ul>	<b>7</b>
<b><u>6</u></b>	<b>Organización.</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Funcións do coordinador/ora.</li><li>• Función do equipo de TICS.</li><li>• Distribución dos contidos</li><li>• Proposta de actividades</li></ul>	<b>8</b>
<b><u>7</u></b>	<b>Metodoloxía.</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Criterios</li><li>• Recomendacións</li><li>• Normas da aula de informática</li></ul>	<b>12</b>
<b><u>8</u></b>	<b>Avaliación.</b>	<b>13</b>
	<b>Anexo I: modelo e análise dos datos multimedia do alumnado.</b>	

## **1.- INTRODUCCIÓN**

O presente proxecto supón dar continuidade e actualizar o Proxecto do curso **2018-2022**.

Despois destes catro anos son moitas as melloras levadas a cabo, e moitos tamén os proxectos aínda por desenvolver.

O traballo que se propón ten como fin facilitar e mellorar a calidade do ensino e conseguir que os nosos alumnos acaden unha competencia dixital, e dicir, que sexan capaces de buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

## **2.- CONTEXTO**

O noso centro está situado en Pontevedra, a 2Km do centro urbano, dentro do complexo socio-sanitario da Deputación Provincial de Pontevedra “Centro Príncipe Felipe”.

Temos un alumnado que varía entre 65-70 alumnos, con idades dende os 5 ata os 21 anos.

O noso alumnado procede de familias dun nivel sociocultural baixo, agás algunhas excepcións e unha porcentaxe non significativa, moi pequena, está en réxime de internado. Polo que moitos de eles non dispoñen de ordenador nin de internet nas súas vivendas, o uso e a relación coas TICS, é exclusivo no colexio.

A oferta educativa do colexio adáptase ao regulado na Orde do 8 de setembro de 2021 (que desenvolve o Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade) e é a seguinte:

EDUCACIÓN BÁSICA OBRIGATORIA		POST OBRIGATORIA	
6 anos-12 anos +1, +1 (<15anos)	12 anos-16anos	16 anos-19anos (<19anos)	19 anos-21anos
PRIMARIA	ESO		
<b>EDUCACIÓN ESPECIAL (CURSO 2021-22)</b>			
CURSO 2021-22 SEN ALUMNADO	ESO (12 a 21 anos)		
	<b>9 AULAS DE EDUCACIÓN ESPECIAL (35 alumnos-as)</b>		
	A PARTIR DOS 16 ANOS	PROGRAMAS DE TRÁNSITO Á VIDA ADULTA	
		<b>PROGRAMAS FORMATIVOS CURSO 2021-22</b> PF XARDINARÍA E VIVEIRISMO (7 alumnos) PF SERVIZOS DE RESTAURACIÓN (9 alumnos-as) PF REPROGRAFÍA (8 alumnos-as)	

**NA EDUCACIÓN ESPECIAL AXUSTÁMONOS AO NIVEL COMPETENCIAL CURRICULAR DO ALUMNADO,  
AO SEU POTENCIAL DE APRENDIZAXE E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS PESOAIS E SOCIAIS.**

A relación coas TICS e o nivel de competencia dixital viuse incrementado sobre todo co PF de Reprografía.

### **3.- EQUIPAMENTOS E RECURSOS**

Dende o curso 2013-14 o centro dispón de conexión a internet, por cable e wifi doméstica. Neste curso 2021-2022, acaba de rematarse a instalación de fibra e da WIFI da Xunta (deixa de ter adxudicado R o servizo a favor de Telefónica).

Tódalas aulas (titorías, aulas de AL, e aula de música) están dotadas de ordenador, canón, pantalla dixital, e iPad por mestre/a. Tamén contamos cunha aula específica de Básicas (PF)/informática con 10 portátiles; unha biblioteca que conta cun ordenador, un portátil, unha mesa de luz e unha multiclass, e a aula de reprografía que conta con nove equipos, portátil de uso do profesorado, PDI, escáner e impresora.

En canto as zonas comúns, sala de mestres, conserxería, secretaría, xefatura de estudos e dirección, contan con ordenador, impresora, escáner e fotocopiadora.

Nos últimos anos tamén se mercou para os alumnos tablets, para uso educativo, coa Axuda Libros e de Material (Consellería Educación). A día de hoxe, case tódolos nenos teñen unha tablet persoal, na que poder traballar e poder acadar unha correcta competencia dixital.

Contamos cun aula multisensorial no centro, que tamén conta con : ordenador portátil, proxector, teatro Eneso e dispositivos sensoriais (Sonocroma, fibras ópticas, columna de luz)

Tamén contamos con diferentes robots educativos que son de uso común para o centro. Estes robots son:

- Mackey mackey, que nos permite converter calquera obxecto da vida diaria nun teclado, un mando ou un rato.
- Zowi.
- Bee-bots, que son uns pequenos robots educativos con forma de avella deseñados para desenrolar as capacidades elementais da programación e as súas aplicacións na robótica educativa son: orientación espacial, motricidade, lóxica, estratexia, etc.
- WIN LEGO
- MAKEBLOCK

É importante destacar o gran esforzo que se fixo para que todo o colexio quedase dotado de xeito aceptable, conseguindo así un gran salto tanto cualitativo como cuantitativo; podendo dicir que hoxe temos un colexio actualizado dixitalmente, se ben é necesario anualmente ir renovando equipos que quedan obsoletos.

Tamén é non menos importante a dedicación dos mestres/as, xa que todos asistiron a cursiños de formación en TICs para mellorar o aproveitamento das ferramentas con que contamos para traballar. Agora mesmo estamos inmersos na elaboración do Plan Dixital.

## **4. COMPROMISOS DO CENTRO PARA A INTEGRACIÓN DAS TICs**

### **4.1 EQUIPO DIRECTIVO:**

- Realizar inversións para acercalas TICs a tódalas aulas.
- Dotar dos medios e recursos materiais necesarios para a aplicación do Plan en todos os niveis.
- Incluílas TIC no modelo de xestión do Centro, usando programas como o Google Drive, ou o AbalarBox para facilitar a comunicación e a accesibilidade os documentos do centro por parte do claustro.
- Facilitala formación do profesorado tanto no Centro coma fóra de el.
- Promovela divulgación dos materiais e proxectos realizados polo profesorado, na web do centro, e nas redes sociais.
- Seguir contando co asesoramento e servizo técnico da empresa iEscola.
- Seguir a empregar Abalar para facilitara comunicación coas familias do alumnado.
- Seguir a empregar a Aula Virtual do centro, e a app Cisco Webex para videoconferencia ,intercambios , etc.
- Xestionar novas ferramentas administrativas e didácticas dentro da contorna da Consellería de Educación: Abalar Móbil, Aula Virtual, Repositorio de contidos, AbalarBox, etc.
- Organizar a redacción do Plan Dixital.

### **4.2 CLAUSTRO:**

- Utilizar de forma sistemática os recursos informáticos cos que están dotadas as aulas.
- Deseñar e realizar nas aulas, a lo menos, un proxecto de investigación por curso, que supoña o tratamento de un ou varios aspectos curriculares a través das TIC.
- Formarse na utilización de programas e recursos relacionados coas TIC.
- Deseñar e realizar recursos dixitais para a súa utilización nas aulas.

- Cambiar o emprego da plataforma Google Drive para a comunicación interna e acceso a documentos e recursos, pola plataforma da consellería de Educación: <https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/login>
- Dinamizala páxina web do centro e as redes sociais facilitando contidos.
- Utilizar a aula virtual do centro para clases e conexións virtuais.

## 5.-OBXECTIVOS

### 5.1- En canto o centro

- Responder as esixencias actuais no avance da tecnoloxía.
- Aproveitar os recursos informáticos dos que dispoñemos.
- Deseño e posta en marcha do Plan Dixital.
- Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose do CEE respecto á competencia dixital.
- Xerar nos docentes a capacidade de integrar as Tics na súa docencia.
- Mellorar e actualizar os equipos informáticos segundo sexa necesario.
- Mellorar a comunicación entre profesorado, alumnado e familias mediante a web do centro, abalar e redes sociais..etc.
- Propoñer proxectos colaborativos con outros centros; tamén a través das tics ( Cisco Webex, Aula Virtual...etc.
- Facilitar, na medida do posible, ao profesorado o acceso a formación e capacitación dixital.
- Elaboración dun plan de formación interno.
- Propor charlas divulgativas á comunidade escolar sobre os riscos de internet.
- Fomentar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia.

### 5.2.- En relación ao profesorado

- Fomentar a iniciativa por parte dos alumnos e a súa implicación nas Tics.
- Potenciar un uso racional e construtivo da tecnoloxía.
- Buscar estratexias de coordinación entre diferentes cursos.

- Proporcionar soporte técnico para a realización de programas formativos fomentando o traballo en equipo.
- Posibilitar o acceso á información contida na rede.
- Compartir experiencias, ideas e información con outros mestres/as.
- Integrar as Tics no currículo, non só como un recurso.
- Ampliar a formación para mellorar a competencia dixital.
- Potenciar o proceso educativo facendo alumnos/as máis creativos, comunicativos e mellor preparados.
- Crear materiais adaptados a situacións persoais.
- Control e avaliación do proceso.
- Empregar a aula virtual, para traballar os contidos cos alumnos.

### 5.3.- En relación ao alumnado

- Integrar as Tics no quefacer diario.
- Aprender a navegar discernindo.
- Coñecer e utilizar as ferramentas necesarias para integrarse nas redes sociais, de xeito seguro e coñecendo riscos e perigos.
- Ser conscientes dos riscos de adicción a videoxogos , RRSS,e internet.
- Publicar na páxina web as produción persoais.
- Comunicarse con escolares doutras contornas.
- Aprender na rede. Aproveitar os novos contornos virtuais de aprendizaxe.
- Uso de internet para preparar as saídas e excursións, como anticipación.
- Búsqueda de recursos segundo propostas.
- Utilizar a tecnoloxía como medio de creación, integración e cooperación.

## 6.- ORGANIZACIÓN

**Orde 17/07/2007** e a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.



**O equipo TICs constituirase entre os docentes do centro e fará partícipe a todo o claustro para levar a cabo as súas accións. A xestión do equipo será coordinada polo "dinamizador" de TICs. As reunións terán unha periodicidade mensual.**

#### **6.1.- Función do coordinador/ora.**

- Dinamizar o traballo coas Tics no centro, orientando e apoiando ao profesorado e ao alumnado no desenvolvemento e posta en práctica das iniciativas propostas.
- Poñelos medios e os recursos necesarios para contribuír a adquisición por parte do alumnado das competencias básicas a través da competencia dixital.
- Apoio á formación do profesorado nas Tics.
- A coordinación dos recursos multimedia e o seu mantemento operativo.
- Coordinar co asesor SIEGA.
- Coordinar de xeito específico coa coordinadora da biblioteca para fomentar o uso da lectura e tratamento da información.
- Coordinar con dirección, a xestión da Aula Virtual, páxina web e redes do centro e a actualización dos datos multimedia do alumnado. (Anexo I: modelo e avaliación gráfica)
- Coordinar e elaborar xunto con dirección o plan dixital do centro. (Resolución 3/09/21: En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización. No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.
- Coordinarse co asesor do plan dixital, para a súa elaboración.

## **6.2- Funcións do equipo de TICS**

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
- Coordinar a acción do profesorado en relación coas TIC
- Revisar e actualizar o software educativo por aulas.
- Fomentar a relación de comunicación con outros centros da localidade.
- Búsqueda de programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Facilitar o uso do ordenador, tablets, smartphones.... como medio de integración, cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación da comunidade educativa a través das TICS
- Elaborar, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar, dinamizar e manter o sitio web do centro, as redes sociais e a aula virtual.
- Cooperar cos equipos de ciclos, de ENDLG, de ACE e co equipo de biblioteca.
- Colaborara na elaboración do Plan Dixital do centro.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

## **6.3- Distribución de contidos.**

Os contidos iran en función das necesidades e capacidades persoais de cada alumno, polo que son moi amplos e abarcan contidos dende infantil ata a ESO, e serían os seguintes ordenados en niveis de dificultade:

### **Nivel 1**

- Acender e apagar o ordenador.
- Abrir e cerrar unha aplicación.
- Manexo do rato:
  - dobre clic para abrir aplicacións
  - desprazamento do punteiro
  - selección de opcións.

- Autonomía durante o desenvolvemento dunha actividade en aplicacións que coñecen.

## **Nivel 2**

- Manexo do rato:
  - pinchar e arrastrar para mover ou relacionar obxectos
  - uso do botón dereito para accións sinxelas
  - uso da roda para desprazarse por un documento.
- Internet:
  - realizar buscas sinxelas
  - entrar en xogos online
  - xogar de forma autónoma.

## **Nivel 3**

- Dominio do rato.
- Impresión do visualizado na pantalla.
- Manexo de aplicacións educativas como procesadores de texto, apps de tratamento de imaxes, elaboracións de vídeos, wikis...etc.
- Uso dos robots educativos
- Internet
  - realizar buscas sobre temas concretos
  - selección da información
  - acceso e uso de diferentes webs e apps educativas.
  - acceso a Aula Virtual e a Cisco Webex.

## **Nivel 4**

- Internet:
  - Navegación segura por Internet
  - Manexo básico do correo electrónico
  - Busca e selección de información por diferentes fontes.
  - Creación de recursos dixitais (p.e. Canva) e uso da gamificación (Kahoot, Genially, Cerebrity...etc.)

Material de apoio recomendado:

- Rede de centros TIC
- Portal Galego de Contidos Educativos
- Guía de boas prácticas en elaboración de páxinas web
- modelo pedagóxico CAIT
- Os obxectivos educativos
- Taxonomía de materiais e recursos educativos dixitais
- encerado dixital como recurso na aula

#### **6.4- Proposta de actividades**

- Crear textos e presentacións con Open Office e Microsoft Word..etc.
- Elaboración de presentacións multimedia con diferentes ferramentas.
- Creación de fotomontaxes e vídeo-montaxes coas aplicacións sinaladas no apartado anterior.
- Emprego do encerado dixital.
- Busca de información e navegación na web (*“surfing in the net”*)
- Uso de programas educativos multimedia.
- Comunicación con outros compañeiros (messenger, audio/video-conferencia, videollamadas)
- Consulta de enciclopedias dixitais.
- Consulta de dicionarios dixitais.
- Afondar nas wikis (p.e: wikipedia)
- Actualización e mellora da bitácora.
- Difusión das boas prácticas a través das RRSS.
- Acceso e traballos na aula virtual.

### **7.- METODOLOXÍA**

#### **7.1- Criterios metodolóxicos a ter en conta:**

- Antes de iniciar calquera actividade con alumnos, o mestre debe coñecer o funcionamento da aula e do hardware co que vai traballar.

- Presenza directa do mestre. Aínda que se potencia a autonomía e importante vixiar o uso que se fai sobre todo en internet.
- Notificar ao coordinador/ora as posibles incidencias que ocorran en canto a hardware e software para que sexan arranxadas.
- Ao rematar é necesario recoller a aula e desconectar os equipos, deixando todo preparado para o inicio dunha nova sesión.
- Afacer aos alumnos, dende un primeiro momento, a respectar o material e a recoller e ordenar a aula ao finalizar.

### **7.2- Recomendación metodolóxicas:**

- Usar imaxes de cor, calidade e claridade que sirvan de apoio visual ao aprendizaxe.
- Favorecer a navegación fácil.
- Informar con mensaxes claros e concisos.
- Facilitar a aprendizaxe do alumno/a mediante técnicas de discriminación, asociación e repetición.
- Posibilitar a incorporación de imaxes da vida diaria para facilitar a xeneralización dos seus aprendizaxes.

### **7.3- Normas de uso dos equipos do centro:**

- Non introducir na aula soporte de datos sen autorización (CD-RON, DVD,.....)
- Non instalar nin desinstalar software nos equipos da aula.
- Non modificar configuracións de programas instalados así como do propio sistema operativo.
- Respectar o material almacenado polos/as compañeiros/as.
- Coidar o material de TICS e comunicar calquera incidencia ao responsable.
- Non acceder a contidos ilícitos en Internet nin redes sociais non autorizadas polo mestre.
- Non se pode almacenar no disco duro ningún material (gráfico, sonoro ou texto) sen autorización expresa do mestre.

- Deixar o rato, teclado, portátiles tablets,.. no lugar axeitado.

## **8.- AVALIACION**

### **8.1- Avaliación do Proxecto.**

Ao final de cada curso escolar realizaranse, tras un seguimento continuado ao longo do curso a avaliación final da aplicación das Tics no centro.

Para iso será necesario revisar:

O nivel de consecución dos obxectivos (revisar os acadados e os incumpridos) e o cumprimento das actividades suscitadas.

Estratexias de mellora que se adoptarán para acadar os obxectivos non conseguidos.

Aspectos da organización como as funcións e horario do coordinador/ora, a distribución espacial e temporal dos equipos..

O cumprimento das liñas metodolóxicas plantexadas no plan.

A relación dos contidos traballados e os recursos utilizados para o seu desenvolvemento.

O plan, realizando as modificacións que se consideren oportunas de cara a un novo curso escolar.

### **8.2- Avaliación da Programación anual de TICS**

Por outra banda, propoñemos unha avaliación trimestral, onde se revise a programación anual có fin de detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, adoptando as estratexias necesarias para mellorar.

Avaliación **do centro:**

- Se os recursos son adecuados e utilízanse de xeito correcto
- Se existe implicación nas TICs
- Se o traballo do equipo e coordinador é adecuado.
- Se compren os obxectivos propostos.

Avaliación **do profesorado:**

- Se participou activamente no uso das TICs.
- Se participou activamente no desenvolvemento da web.
- Se os recursos da aula foron axeitados.

- Se os resultados obtidos foron satisfactorios.

Avaliación **dos alumnos:**

- Se utilizaron as TICs para comunicarse e expresarse, non só como unha ferramenta de axuda para potenciar os seus aprendizaxes, senón integrada no seu facer diario.
- Se optimizaron e melloraron o seu nivel como usuarios dos recursos dixitais dispoñibles.
- Se usaron as Tics de forma segura e responsable.
- Se mellorou a súa autonomía no uso das Tics e a súa aplicación na vida cotiá.

**Este documento foi aprobado polo Claustro o día 25 de abril de 2022 e ratificado polo Consello Escolar do 26 de abril de 2022. Terá unha validez de catro anos, tempo no que se procederá a súa revisión. Anualmente realizarase a concreción das actividades anuais que se recollerán na Programación Xeral.**

**Vº e Prace A Directora**



**Asdo. Paula García Bóveda**



**A Coordinadora**



**Asdo. Sara Parada Amado**

## ANEXO I

### Modelo: ACTUALIZACIÓN INFORMACIÓN SOBRE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS E MULTIMEDIA

**Obxectivo: actualización dos dispositivos dixitais para a comunicación e acceso aos contidos multimedia do alumnado.**

ALUMNA/O:	
Nivel e grupo:	
Titor/a:	
RESPONSABLES (PAI, NAI, TITORES LEGAIS)	
EMAIL (S)	

**MARCAR CUN "X" DE QUE MEDIOS ELECTRÓNICOS E MULTIMEDIA  
DISPOÑO NO MEU FOGAR.**


	<b>SÍ</b>	<b>NON</b>
ORDENADOR		
IMPRESORA		
TELÉFONO MÓBIL		
WHATSAPP		
TABLET		
BOA CONECTIVIDADE?		
COBERTURA WIFI		
REDES SOCIALES		
*INSTAGRAM		
*FACEBOOK		
*OUTRAS REDES		
Accedo á páxina web do centro?		
Teño a aplicación ABALAR MÓVIL?		



## ANÁLISE DOS DATOS MULTIMEDIA DO ALUMNADO

Características:

- Valoración realizada sobre unha mostra de 30 usuari@s.
- Exclusivo do contexto familiar; non se centra en que sexan bens individuais do alumno/a, nin no centro.



OBSERVACIÓNS:

- Posesión tanto de dispositivos como de aplicacións elevadas na mostra. Por exemplo, mais da metade do alumnado, un 66% dispoñen de ordenador no seu fogar.
- Dispoñer de móbil e a aplicación de whatsapp é plena, na mostra.
- O 73% das familias, teñen cobertura WIFI, sen entrar individualmente, na avaliación da súa calidade.
- Mellora da conectividade, en global. Un 63% din que é boa (internet, datos, wifi).
- Bos datos de acceso á páxina web do centro e a Abalar Móbil.
- Menor dispoñibilidade dos dispositivos de impresión na casa. E no que respecta ás redes, máis da metade das familias, teñen algunha red social. Prevalece escasamente facebook sobre instagram..